



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Anuncio

EDICTO

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
BARALLA	3º-trimestre-2025	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria (Ronda Muralla, núm. 140- Pavillón 1- CP 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercer, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

Lugo, 4 de novembro de 2025.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 15-03-2024, A DEPUTADA PROVINCIAL, M.^a del Carmen López Moreno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 26 de novembro de 2025 ata o día 26 de xaneiro de 2026, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
BARALLA	3º-trimestre-2025	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, "La Caixa" - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., e Caixa Rural Galega S.C.C.L.G en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderá realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte, por delegación do seu Concello, que é o que envía o Padrón para o cobro. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nas mesmas.

Infórmase tamén que, transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora

correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do Coeficiente de Vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación

Lugo, 4 de novembro de 2025.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 15-03-2024, A DEPUTADA PROVINCIAL, M.^a del Carmen López Moreno.

R. 3103

Anuncio

Ampliación delegación de competencias do concello de PANTÓN.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 041 do día 19 de febreiro de 2008, publicanse as Bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público, así como o alcance e contido da delegación efectuada, entre outros polo Concello de PANTÓN, sendotaménpublicado no Diario Oficial de Galicia número 46 do día 5 de marzo de 2008.

No Boletín Oficial da Provincial número 286 do día 13 de decembro de 2008 publicase a reforma das citadas bases.

- O Concello de PANTÓN amplía a delegación de competencias, a cal foi aprobada polo acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión plenaria ordinaria, celebrada o día 29 de outubro de 2025, que é aceptada pola Deputación Provincial por Decreto de Presidencia con data 17 de novembro de 2025, segundo o tenor literal seguinte:

1º.- Aceptar a delegación do Concello de PANTÓN, a partir da publicación no B.O.P. e no D.O.G. das competencias atribuídas segundo o tenor literal seguinte:

Primerio.- Aprobar a delegación naDeputación Provincial de Lugo de tódalas competencias do concello de PANTÓN en materia de recadación (tanto en voluntaria como en executiva) das seguintes taxas municipais segundo bases conforme ás que o citado Concello ten delegadas as mencionadas facultades respecto doutros tributos municipais:

- REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS
- ABASTECIMENTO DE AUGA
- RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DOS RESIDUOS SÓLIDOS

2º.- Acordar a publicación da presente delegación no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia."

Lugo, 24 de novembro de 2025.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 15-03-2024, A DEPUTADA PROVINCIAL, M.^a del Carmen López Moreno.

R. 3321

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

2025/CON_02/000117.- XOVE.- ACTUACIÓNS VARIAS EN LU-P-2601 “XOVE (LU-862) – PORTIÑO DE MORÁS (LU-P-2602)”, P.K. 2+850 A 5+285; LU-P-2604 “XOVE (LU-862) – MONTE- VALCARRÍA (LU-P-6607)” P.K. 0+000 A 3+140 E LU-P-2605 “A TRONCA (LU-862A) – VILA – TAROLO (LU-P-2604)” P.K. 0+000 A 2+700

2025/CON_02/000120.- MURAS.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-3402 “ A GAÑIDOIRA (LU-540A) – VIVEIRÓ (LU-P-6502)” P.K. 0+000 A 2+915 (MBC) E LU-P-6502 “VILALBA (LU-118) – A BALSA – CHAVÍN (LU-161)” P.K. 18+100 A 24+300 (REGO POR TRAMOS).

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo, 21 de novembro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3304

SERVIZO DE INTERVENCIÓN

Anuncio

Aprobouse inicialmente polo Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 25.11.2025, o **Proxecto de Orzamento da Deputación Provincial para o ano 2026**, e a documentación que o acompaña.

Exponse ao público na Secretaría desta Deputación, por espazo de 15 días hábiles, en cumprimento do disposto no artigo 112.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, durante os cales admitiránse reclamacións aos mesmos.

Transcorrido dito prazo sen que se presenten reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no art. 169.1 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Lugo, vinte e cinco de novembro de dous mil vinte e cinco.- **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca. **O SECRETARIO XERAL**, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3335

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 21 DE NOVEMBRO DE 2025, POLO QUE SE RESOLVE DE FORMA DEFINITIVA O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD UNHA PRAZA DE DELINEANTE, ENCADRADA NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS AUXILIARES, GRUPO C – SUBGRUPO C1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 21 de novembro de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo que se reproduce de xeito literal:

“As bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas ofertas de emprego, acceso libre (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) publicáronse no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, unha praza de Delineante, da escala de administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares, grupo C – subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, fixéronse públicas no BOP núm. 111, do 16.05.2025.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditada pola persoa aspirante proposta a documentación á que se refire a base xeral 10, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo

co punto 11.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento nomeando como funcionaria de carreira a:

Dona Patricia Rey Modia, para ocupar a praza número 367, denominada **Delineante**, escala de administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares, grupo C – subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023, adxudicándolle o posto de traballo denominado **Delineante Entrada**, número 1623, vinculado á citada praza”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime procedente.

Lugo, 24 de novembro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3322

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 21 DE NOVEMBRO DE 2025, POLO QUE SE RESOLVE DE FORMA DEFINITIVA O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A SUPERIOR DEPORTIVO, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICO SUPERIORES, GRUPO A – SUBGRUPO A1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 21 de novembro de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo que se reproduce de xeito literal:

“As bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas ofertas de emprego, acceso libre (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) publicáronse no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, unha praza de Técnico/a Superior Deportivo, da escala de administración especial, subescala técnica, técnicos superiores, grupo A – subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, fixéronse públicas no BOP núm. 116, do 23.05.2025.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditada pola persoa aspirante proposta a documentación á que se refire a base xeral 10, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento nomeando como funcionario de carreira a:

Don Noel Castiñeira Baamonde, para ocupar a praza número 984, denominada **Técnico/a Superior Deportivo**, escala de administración especial, subescala técnica, técnicos superiores, grupo A – subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023, adxudicándolle o posto de traballo denominado **Técnico/a Superior Deportivo Entrada**, número 1728, vinculado á citada praza”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime procedente.

Lugo, 24 de novembro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3323

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 21 DE NOVEMBRO DE 2025, POLO QUE SE RESOLVE DE FORMA DEFINITIVA O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD UNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A OBRAS PÚBLICAS, ENCADRADA NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS MEDIOS, GRUPO A – SUBGRUPO A2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 21 de novembro de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo que se reproduce de xeito literal:

“As bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas ofertas de emprego, acceso libre (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) publicáronse no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, unha praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Obras Públicas, da escala de administración especial, subescala técnica, técnicos medios, grupo A – subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, fixéronse públicas no BOP núm. 116, do 23.05.2025.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditada pola persoa aspirante proposta a documentación á que se refire a base xeral 10, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo nomeando como funcionaria de carreira a:

Dona Laura Santalla Castro, para ocupar a praza número 973, denominada Enxeñeiro/a Técnico/a Obras Públicas, escala de administración especial, subescala técnica, técnicos medios, grupo A – subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023, adxudicándolle o posto de traballo denominado Enxeñeiro/a Técnico/a Obras Públicas Entrada, número 1693, vinculado á citada praza”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime procedente.

Lugo, 24 de novembro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3324

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 21 DE NOVEMBRO DE 2025, POLO QUE SE RESOLVE DE FORMA DEFINITIVA O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A SUPERIOR PROTOCOLO, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICO SUPERIORES, GRUPO A – SUBGRUPO A1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 21 de novembro de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo que se reproduce de xeito literal:

“As bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas ofertas de emprego, acceso libre (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) publicáronse no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, unha praza de Técnico/a Superior Protocolo, da escala de administración especial, subescala técnica, técnicos superiores, grupo A – subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, fixéronse públicas no BOP núm. 111, do 16.05.2025.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditada pola persoa aspirante proposta a documentación á que se refire a base xeral 10, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento nomeando como funcionario de carreira a:

Dona Maria Parada Senra, para ocupar a praza número 51, denominada ***Técnico/a Superior Protocolo***, escala de administración especial, subescala técnica, técnicos superiores, grupo A – subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023, adxudicándolle o posto de traballo denominado ***Técnico/a Superior Protocolo Entrada***, número 1757, vinculado á citada praza”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime procedente.

Lugo, 24 de novembro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3325

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 21 DE NOVIEMBRE DE 2025, POLO QUE SE RESOLVE DE FORMA DEFINITIVA O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A SUPERIOR INFORMÁTICA E PROGRAMACIÓN, ENCADRADA NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS SUPERIORES, GRUPO A – SUBGRUPO A1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 21 de novembro de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo que se reproduce de xeito literal:

“As bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas ofertas de emprego, acceso libre (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) publicáronse no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, unha praza de Técnico/a Superior Informática e Programación, da escala de administración especial, subescala técnica, técnicos superiores, grupo A – subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, fixéronse públicas no BOP núm. 116, do 23.05.2025.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditada pola persoa aspirante proposta a documentación á que se refire a base xeral 10, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento nomeando como funcionario de carreira a:

Don Lorenzo García Cortiñas, para ocupar a praza número 952, denominada ***Técnico/a Superior Informática e Programación***, escala de administración especial, subescala técnica, técnicos superiores, grupo A – subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023, adxudicándolle o posto de traballo denominado ***Técnico/a Superior Informática e Programación Entrada***, número 1632, vinculado á citada praza”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime procedente.

Lugo, 24 de novembro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3326

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 21 DE NOVEMBRO DE 2025, POLO QUE SE RESOLVE DE FORMA DEFINITIVA O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD UNHA PRAZA DE MAQUINISTA-CONDUTOR/A, ENCADRADA NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE PERSOAL DE OFICIOS, CATEGORÍA OFICIAL, GRUPO C – SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO, CORRESPONDENTE A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022, (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro).

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 21 de novembro de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo que se reproduce de xeito literal:

“As bases xerais que regulan xunto coas bases específicas, os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – IC) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal (Disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de Decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso, acceso libre publicáronse no BOP núm. 241, do 21.10.2022.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso, catorce (14) prazas de Maquinista-Conducutor/a da escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría oficial, grupo C – subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario, correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2022, (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), fixéronse públicas no BOP núm. 241, do 21.10.2022.

Celebrado o procedemento selectivo, a vista da proposta do Tribunal Cualificador publicada na páxina web e taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo o día 09.06.2023.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión ordinaria do 15 de setembro de 2023 e publicada no BOP núm. 219, de 22 de setembro de 2023, acordou o nomeamento, para cubrir en propiedade as 14 prazas de Maquinista-Conducutor/a indicadas anteriormente, entre as prazas incluídas atópase a praza número 265 á que se lle vincula o posto de traballo número 225. Non obstante, a persoa inicialmente seleccionada para ocupar esta praza solicitou e foille concedido o adiamento do seu nomeamento como funcionario de carreira ata que se producira a revisión da súa incapacidade permanente. Finalmente, dita persoa non puido ser nomeada como persoal funcionario ao terse recibida a Resolución da Dirección Provincial de INSS de A Coruña con data do 25 de xuño de 2025 na que se confirma a incapacidade permanente que ten recoñecida na actualidade e na que non se prevé que a situación de incapacidade vaia ser obxecto de revisión por melloría.

A vista do anteriormente sinalado e tendo en conta que a seguinte persoa aspirante proposta, que figura no número 1 da orde de inclusión na dita listaxe de emprego temporal, presenta a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo así os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo nomeando como funcionario de carreira a:

Don Francisco Javier Doral Gómez, para ocupar a praza número 265, denominada Maquinista-Conducutor/a, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría oficial, grupo C – subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022, (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo denominado Maquinista-Conducutor/a entrada número 225”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime procedente.

Lugo, 24 de novembro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3327

CONCELLOS
ANTAS DE ULLA
Anuncio

Aprobouse inicialmente polo Pleno do Concello de Antas de Ulla, en sesión ordinaria celebrada o 21 de novembro de 2025, o Proxecto de Orzamento do Concello de Antas de Ulla para o ano 2026, e a documentación que o acompaña.

Exponse ao público na Secretaría deste Concello, por espazo de 15 días hábiles, en cumprimento do disposto no artigo 112.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, durante os cales se admitirán reclamacións ao mesmo.

Transcorrido dito prazo sen que se presenten reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no art.169.1 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Antas de Ulla, 21 de novembro de 2025.- A alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 3305

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTES (3) DE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

Aprobados inicialmente por Acordo do Pleno desta entidade, en sesión ordinaria celebrada o día 21 de novembro de 2025, os seguintes expedientes (3) de suplementos de crédito:

- EXPDTE. Nº 9 DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO 2025 - SUPLEMENTO DE CREDITOS POR MAIORES INGRESOS 1/2025 (Expdte. 380/2025).
- EXPDTE. Nº 10 DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO 2025 - SUPLEMENTO DE CREDITOS 2/2025 (Cap. 6, financiados mediante anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións) (Expdte. 381/2025).
- EXPDTE. Nº 14 DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO 2025 - SUPLEMENTO DE CREDITOS 3/2025 (Cap. 1 e 2, financiados mediante anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións) (Expdte. 478/2025).

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométense a información pública polo prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo poderán ser examinados por calquera persoa interesada nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentasen alegacións, consideraranse aprobados definitivamente os devanditos Acordos.

Antas de Ulla, 21 de novembro de 2025.- A alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 3306

BEGONTE
Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación Municipal, na sesión ordinaria celebrada o día 21 de novembro de 2025, o expediente de modificación de créditos núm. 21 /2025, (4º de competencia do Pleno) ,dentro do vixente Presuposto municipal, por un importe total de Douscentos trinta e tres mil cen (233.100,00) euros, en cumprimento do disposto no artigo 117.2 en relación co 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, na Secretaria deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no

Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde- Presidente deste Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Begonte, 21 de novembro de 2025.- O alcalde, José Ulla Rocha.

R. 3307

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 21 de novembro de 2025, o Orzamento municipal para o exercicio económico de 2026, as bases de execución e o cadro de persoal ; en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo - polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - e disposicións concordantes, expónse ó público na secretaría deste Concello, polo prazo de quince días hábiles - que empezarán a contarse dende o seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia - a fin de que durante o mesmo, os interesados, poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, as que se dirixirán ao Sr. Alcalde- Presidente desta Corporación.

No suposto de non presentarse reclamacións o acordo inicial entenderase elevado a definitivo.

Begonte, 21 de novembro de 2025.- O alcalde, José Ulla Rocha.

R. 3308

A PASTORIZA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL

O Pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día 20 de novembro de 2025 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 2025.23, na modalidade de suplemento de crédito.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

A Pastoriza, 21 de novembro de 2025.- O alcalde-presidente, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 3309

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO PARA O EXERCIZO 2.026

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 20 de novembro de 2025, aprobou inicialmente o orzamento xeral do concello de Pedrafita do Cebreiro para o exercicio 2.026, así como as bases de execución, o cadro de persoal e o resto dos documentos anexos.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e disposicións concordantes, expónse ao público na secretaria deste Concello polo prazo de quince días hábiles –o cal comezará a contar dende o seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia–, a fin de que durante o dito prazo se poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, dirixidas estas ao alcalde desta corporación.

No caso de que transcorra o prazo citado sen que se presenten reclamacións, o orzamento quedará aprobado de xeito definitivo e se disporá a publicación do resumo por capítulos nos termos previstos polo artigo 169.3 do Real decreto lexislativo 2/2004.

Pedrafita do Cebreiro, 20 de novembro de 2025.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 3310
